

PRAIA, MONTAÑA OU PLUMA?

"Coñecería a Franco"

10.08.2010 Suso de Toro sentaría a falar co ditador "se un puidera realmente coñece-la súa verdade íntima" e gusta da pachanga de Georgie Dann

ADRIÁN GONDAR . SANTIAGO

Durante a conversa telefónica soa o grupo System of a Down. "É do meu fillo, eu son máis de Linkin Park", di un Suso de Toro tranquilo, sen ningún tipo de presión, que desfruta por primeira vez en moito tempo dun verán sen compromisos. Gústalle a praia e a música de todo tipo e sempre ten máis dun libro debaixo do brazo. Retirado da literatura, así é como pasa o verán un dos nosos escritores máis famosos.

Verán de pracer ou de traballo?

Por primeira vez en moitos anos de pracer, aínda que mellor diría que de lecer, algo que inclúe descanso e tamén un pouco de abandono, no sentido de desocupa-la cabeza.

Cales son os seus plans?

Polo medio quedan cousas de toda unha vida profesional e tamén de presentacións do último libro. Xa rematei todo, quédanme flocos que teñen máis ben que ver coa vida persoal. Por exemplo, esta semana irei a Sanxenxo asinar libros, pero por algo que tiña prometido ó meu amigo Xaime, da librería Nós. Tamén irei presenta-lo libro á vila do meu pai. Meu pai xa non vive e algúns dos veciños que aparecen no libro tampouco, é un acto de gratitude a eles.

Vese practicando o Xacobeo?

Habería que concretar que cousa é o Xacobeo. Non acredito no que sería gaña-lo xubileu, non creo niso, pero ó Camiño téñolle moito respecto, a el en si mesmo e a tantos que o fan. Ó mellor nalgún momento da miña vida faríao, pero para facer un bo treito como é debido precísase non menos dun mes ou un mes e medio, e iso xa pide un momento da vida no que un xa ten tódolos traballos feitos e non haxa nada que chame por un. Estar xubilado, probablemente.

Ten algún proxecto en mente para a próxima temporada?

Xa non teño ningún proxecto literario nin doutro tipo. Deixeiños pechados no armario.

Que lle gusta máis do verán?

Quen non gusta do verán? Eu moito. O verán devólvenos o corpo, a calor ten un efecto sobre o corpo de volver a sentilo, a fatiga mesmo, a calor, a suor, todo iso fai que un recupere a conciencia do corpo.

Para vostede o verán ten algo de especial ou é unha estación coma as demais?

Por un lado aproveitaba sempre que podía para facer baños no mar, pero sempre foi época de traballo tamén, ademais de comparti-las vacacións coa familia ó mesmo tempo sempre tiña algún libro polo medio. O que ten un escritor cando vive diso é que sempre ten traballo, e todo traballador autónomo o sabe. Ós autónomos, a diferenza dos que traballan nunha empresa, cústalles moito pecha-lo negocio

Entre tomar cañas nunha terraza ou un volta e volta deitado na praia, que escollería?

Supoño que todo o mundo contestará que as dúas. Eu penso que tomar cañas nunha terraza supón que a temperatura sexa agradable, que un está a gusto, e que ten tranquilidade para sentar a gozar do momento. Iso é unha marabilla. Pero non desprezo en absoluto a praia. Ben sei que non é algo moi valorado esteticamente polos poetas máis finos e que é un pracer plebeo, pero ten algo de verdadeiro pracer, de fermoso, e afortunadamente hoxe en día, democrático. É unha das cousas que máis me alegran, ver que nas praias a onde só acudiamos unha minoría de persoas urbanas agora vaian as persoas dos barrios das cidades e das aldeas. Todos aprendemos nestes últimos 40 ou 30 anos a gozar da praia, isto antes non era así.

Con que pasa o verán: cun libro, co iPod, un DVD...?

Eu gusto moito de todo tipo de música e sempre me acompaña, mesmo chega a ser un vicio. A diferenza entre un adolescente e unha persoa adulta é que o adolescente é moi sectario nos gustos, ou moi militante dunha música determinada e é hostil ás demais. No caso dun adulto o que o caracteriza é que es máis aberto e tolerante, e acábache gustando máis diversidade de música. Libros sempre hai unha chea deles. Descubrín, e alégrome moito, a alguén que coñecía como guionista e actor, cunha novela que se chama *No hay bestia tan feroz*, de Edward Bunker. Un fai descubrimentos cando pensa que non hai novidades que o estimulen. Teño tamén diante un libro con obras de Chéjov, e unha novela de Mosley, un escritor negro de novela negra.

Están entre o seu repertorio os grandes éxitos de Georgie Dann?

Iso para cantar, eu gusto moito daquela de *El chorizo pardillero* e *Yo tengo un chiringuito*. Son para cantar, a pachanga ten moita graza.

A literatura para un escritor é ó mesmo tempo profesión e hobby?

A literatura pode ser unha profesión, pero non a imaxino coma hobby. Eu concibo a literatura como algo moi radical, como moi dentro de min mesmo. Non pode ser exactamente un hobby, é unha actividade artística que é íntima, interna, profunda e densa.

O escritor sempre ten un libro debaixo do brazo?

Debe de ter máis dun, a min tenme pasado que case sempre teño unha chea de libros empezados. Algúns vanse parando uns meses, logo volves a eles... Pero sempre máis dun.

Cando un está de vacacións adoitan vir á mente boas ideas para un vindeiro traballo?

O que teño constatado agora que non teño pretensións de escribir, é que cando a cabeza descansa, ó soltala é cando se che ocorren as ideas, e veñen as ideas, nacen dunha forma natural e sen violencia, sen forzalas, veñen dun modo moi tranquilo.

Se puidese escoller calquera persoa, con quen lle gustaría compartir un espazo virtual?

Calquera sabe, non o sei. Ás veces ás persoas que un admira polas súas cualidades morais, decencia persoal ou feitos, ó mellor un non ten especial interese en coñecelas, e en cambio pode haber personaxes fascinantes e que son máis complicados ou perturbadores. Non o sabería dicir. Non estaría de máis coñecer a Franco se aceptase contesta-las preguntas que un lle fai, se verdadeiramente un puidera coñecer-la súa verdade íntima.

Como é o primeiro día de escritura trala temporada de vacacións? Custa arrincar?

Xa non me acordo porque levo moitos anos escribindo un libro tras doutro. Creo que levo 28 anos publicando cousas e debo ter arredor de 30 libros, de modo que non sei o que é parar unha temporada entre un libro e outro. Ademais cando non estaba sentado a escribir, a cabeza xa estaba a traballar noutro libro, de modo que nunca parei en todo este tempo.

